

MOCIÓN SOBRE MANTER AS FEIRAS OS DIAS QUE COINCIDAN A DOMINGO OU FESTIVO.

D. ARGIMIRO MARNOTES FERNÁNDEZ, como portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular do Carballiño, ó amparo do disposto no artigo 94 do Regulamento Orgánico Municipal e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, somete ó Pleno da Corporación Municipal para a súa consideración se procede, a presente **MOCION Ó PLENO** que deberá de incluírse expresamente como punto da orde do día da primeira sesión que se convoque.

Exposición de Motivos

No noso Concello, como é ben sabido, véñense celebrando feiras, os días 16 e 30 ou 31 de cada mes e estas trasládanse de día se algunha destas datas coincidise a domingo ou día festivo.

Esta costume que data fai moitísimo tempo cando esta actividade estaba prohibida polo Obispado, cumpre ser revisada, nun pobo como o Carballiño, onde o “Pulpo á Feira”, estrela gastronómica do Carballiño cara o mundo enteiro, pode ser un reclamo de afluencia gastronómica e turística precisamente en días de descanso de moitos traballos como son os Domingos e Festivos.

Falamos da posibilidade, como non, de manter as feiras do Carballiño os 16 e fin de mes, como datas fixas, coincidan no que coincidan, e incluso que as que coincidan a domingo ou festivo, teñan un tratamento máis de festa que as habituais.

Dende o Partido Popular, queremos que se debata e traballe nesta cuestión.

E polo que se pon a disposición do pleno do Concello do Carballiño os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Que se traballe na posibilidade de poñer como días fixos de feira no Carballiño os días 16 e derradeiro día de mes, sen sufrir variacións por ser Domingo ou Festivo.

SEGUNDO: Neste senso, solicitamos se faga consulta a todos os sectores e se pase a decisión pola mesa local de comercio.

En O Carballiño a 4 de Xaneiro de 2018,

D. Argimiro Marnotes Fernández
Portavoz do Grupo municipal do Partido Popular



Á ATENCIÓN DO SR. ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DO CARBALLIÑO

POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES
POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES

POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES